

Encontro no Paraninfo da Universidade co escritor Luiz Ruffato

Actualizada: 06-05-2015 14:11

O escritor Luiz Ruffato participará este xoves 7 nun encontro no Paraninfo da Universidade (Facultade de Xeografía e Historia) cos profesores Carlos Quiroga e Carmen Villarino Pardo. Esta é unha iniciativa que promove profesorado de lingua portuguesa da Facultade de Filoloxía coa colaboración da Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social, a Asociación de Escritores en Lingua Galega e o Instituto Camões. A sesión comezará ás 19.00 horas.

Ruffato, que vai recibir o premio Escritor Galego Universal da Asociación de Escritores en Lingua Galega, está considerado un dos nomes máis destacados da literatura brasileira contemporánea.